



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O FOMENTO DA REACTIVACIÓN ECONÓMICA LOCAL NO CONCELLO DE VIMIANZO A TRAVÉS DA TARXETA VIMI BONO

Exp. tedec: 2020/A008/000045

Visto o expediente tramitado a proposta de Alcaldía para a aprobación da convocatoria das axudas VimiBonos para a reactivación económica do Concello de Vimianzo.

Visto que as bases reguladoras foron aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 23/11/2020 e publicadas no BOP núm. 203, de data 27/11/2020 a través da BDNS núm. 535069.

Visto a relación anexa de concesión e denegacións asinada pola técnica informática.

Visto o informe de intervención de fiscalización

De acordo co artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións e considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía de data núm.767/2019, de data 02/07/2019, modificada por Resolucións da Alcaldía núm.978/2019 e núm.1247/2019, de datas 04/09/2019 e 08/11/2019, respectivamente, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que é necesario por motivos de urxencia a aprobación da concesión das axudas da tarxeta vimibono para que o programa poida entrar en funcionamento dende o día de hoxe.

Considerando a atribución concedida á alcaldesa polo artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar para este caso concreto e para atender o solicitado dentro dos prazos legalmente establecidos, as competencias en materia de subvencións relativas ao expediente de referencia, de conformidade co establecido no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar a concesión e pago por contía total de 91.100 €, en concepto de tarxeta vimibono, as persoas recollidas no Anexo I (3.127 concesións) e Anexo II (517 concesións), que figura no expediente de tedec 2020/A008/000045, conforme a relación nel recollida e por importe por tarxeta individual de 25€.

Terceiro.- Denegar por non cumprir as bases reguladoras a tarxeta vimibono de 25 €, as persoas recollidas no Anexo III (12 denegadas) que figura no expediente de tedec 2020/A008/000045.

Cuarto.- A presente resolución, de acordo co establecido na base reguladora 6 das axudas, non será obxecto de notificación individual, senón que será substituído pola súa publicación na sede electrónica do Concello de Vimianzo, de acordo co establecido na Lei de Procedemento Administrativo.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos e ao departamento de promoción económica, e dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

O Secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordoñez

Francisco Javier Novoa Juiz

(documento asinado electrónicamente)